



**OS ORZAMENTOS DOS ORGANISMOS  
AUTÓNOMOS E DAS ENTIDADES  
PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE  
CONSULTA OU ASESORAMENTO**



---

### **III. OS ORZAMENTOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO**

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia define aos organismos autónomos no seu artigo 68 como entidades públicas instrumentais. A súa organización e funcionamento regúlase polo dereito administrativo someténdose ao dereito privado só naqueles casos nos que corresponda, de acordo coa normativa xeral ou sectorial aplicable.

Estas entidades instrumentais, de acordo coa súa normativa específica, poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional.

A actividade dos organismos autónomos desenvólvese consonte ao plan anual de actuación de cada un deles, que é aprobado por orde da consellería de adscrición dentro do marco do programa plurianual desta última, contando co informe favorable da consellería competente en materia de facenda.

Ademais, a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece que os orzamentos das entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento terán a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.

Forman parte dos orzamentos para o ano 2020 nove organismos autónomos e dúas entidades públicas de consulta ou asesoramento, o Consello Económico e Social de Galicia e o Consello Galego de Relacións Laborais.

### III.1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS

#### Orzamento dos Organismos Autónomos

|                                                | Ingresos |          |               |                  |              |              |                |            |          | Total            |
|------------------------------------------------|----------|----------|---------------|------------------|--------------|--------------|----------------|------------|----------|------------------|
|                                                | Cap. I   | Cap. II  | Cap. III      | Cap. IV          | Cap. V       | Cap. VI      | Cap. VII       | Cap. VIII  | Cap. IX  |                  |
| Escola Galega de Administración Pública        | 0        | 0        | 26            | 3.396            | 1            | 0            | 135            | 0          | 0        | 3.557            |
| Instituto Galego de Estatística                | 0        | 0        | 1             | 3.365            | 0            | 0            | 1.150          | 0          | 0        | 4.515            |
| Servizo Galego de Saúde                        | 0        | 0        | 63.757        | 3.808.654        | 100          | 0            | 155.210        | 650        | 0        | 4.028.372        |
| Academia Galega de Seguridade Pública          | 0        | 0        | 53            | 2.914            | 4            | 0            | 28             | 0          | 0        | 2.999            |
| Instituto Galego do Consumo e da Competencia   | 0        | 0        | 3.212         | 2.801            | 5            | 0            | 653            | 0          | 0        | 6.671            |
| Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | 0        | 0        | 0             | 6.091            | 0            | 0            | 442            | 0          | 0        | 6.533            |
| Instituto de Estudos do Territorio             | 0        | 0        | 3             | 2.310            | 0            | 0            | 897            | 0          | 0        | 3.210            |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo             | 0        | 0        | 995           | 20.500           | 4.050        | 6.650        | 51.719         | 40         | 0        | 83.954           |
| Fondo Galego de Garantía Agraria               | 0        | 0        | 0             | 5.028            | 2            | 0            | 36.843         | 0          | 0        | 41.873           |
| <b>Total</b>                                   | <b>0</b> | <b>0</b> | <b>68.046</b> | <b>3.855.059</b> | <b>4.163</b> | <b>6.650</b> | <b>247.077</b> | <b>690</b> | <b>0</b> | <b>4.181.684</b> |

(Miles de Euros)

#### Financiamento

|                                                | Orixe dos Fondos |             |                        |              |                |             |                  |               |
|------------------------------------------------|------------------|-------------|------------------------|--------------|----------------|-------------|------------------|---------------|
|                                                | Recursos Propios |             | Da Comunidade Autónoma |              | Outras         |             | Total            |               |
|                                                | Importe          | %           | Importe                | %            | Importe        | %           | Importe          | %             |
| Escola Galega de Administración Pública        | 27               | 0,75        | 3.530                  | 99,25        | 0              | 0,00        | 3.557            | 0,09          |
| Instituto Galego de Estatística                | 1                | 0,02        | 4.515                  | 99,98        | 0              | 0,00        | 4.515            | 0,11          |
| Servizo Galego de Saúde                        | 64.507           | 1,60        | 3.819.060              | 94,80        | 144.804        | 3,59        | 4.028.372        | 96,33         |
| Academia Galega de Seguridade Pública          | 57               | 1,91        | 2.942                  | 98,09        | 0              | 0,00        | 2.999            | 0,07          |
| Instituto Galego do Consumo e da Competencia   | 3.217            | 48,22       | 3.454                  | 51,78        | 0              | 0,00        | 6.671            | 0,16          |
| Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | 0                | 0,00        | 6.533                  | 100,00       | 0              | 0,00        | 6.533            | 0,16          |
| Instituto de Estudos do Territorio             | 3                | 0,08        | 3.207                  | 99,92        | 0              | 0,00        | 3.210            | 0,08          |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo             | 11.735           | 13,98       | 72.219                 | 86,02        | 0              | 0,00        | 83.954           | 2,01          |
| Fondo Galego de Garantía Agraria               | 2                | 0,01        | 41.871                 | 99,99        | 0              | 0,00        | 41.873           | 1,00          |
| <b>Total</b>                                   | <b>79.549</b>    | <b>1,90</b> | <b>3.957.331</b>       | <b>94,63</b> | <b>144.804</b> | <b>3,46</b> | <b>4.181.684</b> | <b>100,00</b> |

(Miles de Euros)

Os créditos autorizados aos organismos autónomos ascenden a 4.181,7 millóns de euros nos orzamentos do ano 2020.

O 96,33% dos créditos totais dos organismos autónomos corresponde ao Servizo Galego de Saúde, que incrementa o seu orzamento en 119,7 millóns de euros respecto ao exercicio anterior. Tamén se incrementan as dispoñibilidades para os restantes organismos autónomos.

### Orzamento Organismos Autónomos

|                                                | Gastos           |                  |          |                |               |                |               |              | Total            |
|------------------------------------------------|------------------|------------------|----------|----------------|---------------|----------------|---------------|--------------|------------------|
|                                                | I                | II               | III      | IV             | V             | VI             | VII           | VIII         |                  |
| Escola Galega de Administración Pública        | 1.207            | 1.635            |          | 581            |               | 135            |               |              | 3.557            |
| Instituto Galego de Estatística                | 3.028            | 337              |          |                |               | 1.150          |               |              | 4.515            |
| Servizo Galego de Saúde                        | 1.755.158        | 1.236.277        |          | 849.159        | 31.917        | 152.540        | 2.670         | 650          | 4.028.372        |
| Academia Galega de Seguridade Pública          | 833              | 2.138            |          |                |               | 28             |               |              | 2.999            |
| Instituto Galego do Consumo e da Competencia   | 5.080            | 754              |          | 185            |               | 629            | 24            |              | 6.671            |
| Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | 5.420            | 672              |          |                |               | 442            |               |              | 6.533            |
| Instituto de Estudos do Territorio             | 2.184            | 91               |          | 38             |               | 494            | 403           |              | 3.210            |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo             | 9.296            | 4.348            |          | 11.901         |               | 32.315         | 25.553        | 540          | 83.954           |
| Fondo Galego de Garantía Agraria               | 4.611            | 415              | 3        |                |               | 1.813          | 35.030        |              | 41.873           |
| <b>Total</b>                                   | <b>1.786.816</b> | <b>1.246.668</b> | <b>3</b> | <b>861.863</b> | <b>31.917</b> | <b>189.546</b> | <b>63.681</b> | <b>1.190</b> | <b>4.181.684</b> |

(Miles de Euros)

O financiamento de todos eles gravita na súa maior parte sobre as transferencias que reciben desde os orzamentos da Administración Xeral.

O Servizo Galego de Saúde conta cunha importante contía de recursos propios, ademais dos que recibe como transferencia da Consellería de Sanidade. No capítulo III recóllese unha previsión de ingresos de 63,8 millóns de euros, incrementándose en 6,4 millóns de euros con respecto o ano anterior. Dentro das transferencias finalistas que recibe directamente destacan o Programa por Incapacidade Temporal, o Fondo de Cohesión Sanitaria e Fondo de Garantía Asistencial e a Asistencia Sanitaria dos centros sanitarios que recibe do Estado.

Compre salientar tamén, os ingresos propios que recibe o Instituto Galego da Vivenda e Solo. Destacan, no capítulo V de ingresos, con 3,8 millóns de euros, as rendas de bens inmobles, e por outra parte, no capítulo VI, dentro dos ingresos por alleamentos, os de vivendas, con 4,8 millóns de euros. Por último cabe destacar os ingresos derivados de sancións que recauda directamente o Instituto Galego de Consumo e da Competencia con 3,2 millóns de euros, incrementándose respecto do ano anterior.

Respecto do resto de organismos autónomos, a maior parte da súa actividade canalízase a través de operacións correntes, como corresponde á natureza dos servizos que prestan coa

excepción do Instituto Galego da Vivenda e Solo, con importantes montantes de créditos destinados a axudas de capital e investimentos.

Os orzamentos de ingresos e gastos de cada un destes organismos autónomos así como, unha referencia a súa finalidade e lei constitutiva, figuran a continuación.

## ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A EGAP foi creada pola Lei 4/1987, do 27 de maio. Ten encomendadas actividades de selección e formación do persoal ao servizo da administración pública galega, así como o estudo e a difusión das ciencias da administración. Figura adscrita á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza segundo o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

De acordo co artigo 3 da referida lei de creación da EGAP segundo a redacción dada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, son competencias da EGAP:

1. Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de funcionario ao servizo da administración desta comunidade autónoma convocadas de conformidade o disposto na Lei de función pública de Galicia, e doutras administracións públicas que previo convenio llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.
2. Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, correspondentes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.
3. Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao que se alude no apartado 1).
4. Realizar as probas e impartir os cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.
5. Realizar as probas e impartir os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais con "habilitación de carácter nacional".
6. Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios dos entes locais de Galicia "sen habilitación nacional", de acordo cos convenios que se subscriban coas distintas entidades locais.
7. A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.
8. O establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel estatal e internacional.

9. A difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

#### Orzamento de ingresos. Escola Galega de Administración Pública

| Distribución económica                  |                                 |              |              |                     |            |                |              |
|-----------------------------------------|---------------------------------|--------------|--------------|---------------------|------------|----------------|--------------|
| Capítulos                               |                                 | 2019         | 2020         | Variación 2020/2019 |            | Valor Relativo |              |
|                                         |                                 |              |              | Importe             | %          | 2019           | 2020         |
| III                                     | Taxas, prezos e outros ingresos | 26           | 26           | 0                   | -          | 0,8            | 0,7          |
| IV                                      | Transferencias correntes        | 3.186        | 3.396        | 210                 | 6,6        | 95,2           | 95,5         |
| V                                       | Ingresos patrimoniais           | 1            | 1            | 0                   | -          | -              | -            |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             |                                 | <b>3.213</b> | <b>3.422</b> | <b>210</b>          | <b>6,5</b> | <b>96,0</b>    | <b>96,2</b>  |
| VII                                     | Transferencias de capital       | 135          | 135          | 0                   | -          | 4,0            | 3,8          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            |                                 | <b>135</b>   | <b>135</b>   | <b>0</b>            | <b>-</b>   | <b>4,0</b>     | <b>3,8</b>   |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> |                                 | <b>3.347</b> | <b>3.557</b> | <b>210</b>          | <b>6,3</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            |                                 | <b>3.347</b> | <b>3.557</b> | <b>210</b>          | <b>6,3</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

#### Orzamento de gastos. Escola Galega de Administración Pública

| Distribución económica                  |                                     |              |              |                     |            |                |              |
|-----------------------------------------|-------------------------------------|--------------|--------------|---------------------|------------|----------------|--------------|
| Capítulos                               |                                     | 2019         | 2020         | Variación 2020/2019 |            | Valor Relativo |              |
|                                         |                                     |              |              | Importe             | %          | 2019           | 2020         |
| I                                       | Gastos de persoal                   | 1.098        | 1.207        | 108                 | 9,9        | 32,8           | 33,9         |
| II                                      | Gastos en bens correntes e servizos | 1.624        | 1.635        | 11                  | 0,7        | 48,5           | 46,0         |
| IV                                      | Transferencias correntes            | 491          | 581          | 90                  | 18,4       | 14,7           | 16,3         |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             |                                     | <b>3.213</b> | <b>3.422</b> | <b>210</b>          | <b>6,5</b> | <b>96,0</b>    | <b>96,2</b>  |
| VI                                      | Investimentos reais                 | 135          | 135          | 0                   | -          | 4,0            | 3,8          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            |                                     | <b>135</b>   | <b>135</b>   | <b>0</b>            | <b>-</b>   | <b>4,0</b>     | <b>3,8</b>   |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> |                                     | <b>3.347</b> | <b>3.557</b> | <b>210</b>          | <b>6,3</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            |                                     | <b>3.347</b> | <b>3.557</b> | <b>210</b>          | <b>6,3</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

## ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Creada pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, figura adscrita á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Figuran entre os seus fins:

- I. O enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia.

2. O compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública.
3. O impulso da calidade nos servizos de seguridade pública para unha mellor atención ao cidadán e maior satisfacción do seus xestores.

Funcións formativas:

As funcións formativas da Academia Galega de Seguridade Pública son as seguintes:

1) No ámbito da formación xudicial e penitenciaria e da seguridade privada:

Organizar e realizar nas materias de seguridade pública, en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e cos ministerios competentes en materia de xustiza e interior, así como con outros organismos, universidades ou centros de investigación, actividades dirixidas á formación de xuíces e fiscais, dos funcionarios de institucións penitenciarias e dos traballadores da seguridade privada, a través do asinamento dos oportunos convenios.

2) No ámbito da formación policial:

- a) Elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización.
- b) Colaborar coas administracións competentes na selección do persoal dos corpos da policía de Galicia e das policía locais.
- c) Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policía locais.

3) No ámbito da formación de protección civil, bombeiros e axentes forestais:

- a) Elaborar os programas formativos e impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de bombeiros das entidades locais coas que se formalice o correspondente convenio de colaboración.
- b) Impartir os cursos dirixidos aos axentes forestais.
- c) Colaborar coas entidades locais na selección e formación continua do persoal integrante dos corpos de bombeiros e de protección civil.
- d) Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.

Outras funcións:

Son tamén funcións da Academia Galega de Seguridade Pública nas materias que lle son propias:



- e) Investigar, estudar e divulgar contidos, técnicas e documentación, con especial referencia á realidade galega.
- f) Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
- g) Homologar, cando proceda, os títulos correspondentes aos cursos de formación impartidos por outras academias, escolas ou centros.
- h) Calquera outra que lle poida ser atribuída polas normas, de conformidade coa súa natureza.

#### Orzamento de ingresos. Academia Galega de Seguridade Pública

| Distribución económica                  |              |              |                     |            |                |              |  |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|---------------------|------------|----------------|--------------|--|
| Capítulos                               | 2019         | 2020         | Variación 2020/2019 |            | Valor Relativo |              |  |
|                                         |              |              | Importe             | %          | 2019           | 2020         |  |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 53           | 53           | 0                   | -          | 1,8            | 1,8          |  |
| IV Transferencias correntes             | 2.822        | 2.914        | 92                  | 3,3        | 97,1           | 97,2         |  |
| V Ingresos patrimoniais                 | 4            | 4            | 0                   | -          | 0,1            | 0,1          |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>2.879</b> | <b>2.971</b> | <b>92</b>           | <b>3,2</b> | <b>99,0</b>    | <b>99,1</b>  |  |
| VII Transferencias de capital           | 28           | 28           | 0                   | -          | 1,0            | 0,9          |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>28</b>    | <b>28</b>    | <b>0</b>            | <b>-</b>   | <b>1,0</b>     | <b>0,9</b>   |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>2.907</b> | <b>2.999</b> | <b>92</b>           | <b>3,2</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |  |
| <b>Total</b>                            | <b>2.907</b> | <b>2.999</b> | <b>92</b>           | <b>3,2</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |  |

(Miles de Euros)

#### Orzamento de gastos. Academia Galega de Seguridade Pública

| Distribución económica                  |              |              |                     |            |                |              |  |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|---------------------|------------|----------------|--------------|--|
| Capítulos                               | 2019         | 2020         | Variación 2020/2019 |            | Valor Relativo |              |  |
|                                         |              |              | Importe             | %          | 2019           | 2020         |  |
| I Gastos de persoal                     | 741          | 833          | 92                  | 12,4       | 25,5           | 27,8         |  |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 2.138        | 2.138        | 0                   | -          | 73,6           | 71,3         |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>2.879</b> | <b>2.971</b> | <b>92</b>           | <b>3,2</b> | <b>99,0</b>    | <b>99,1</b>  |  |
| VI Investimentos reais                  | 28           | 28           | 0                   | -          | 1,0            | 0,9          |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>28</b>    | <b>28</b>    | <b>0</b>            | <b>-</b>   | <b>1,0</b>     | <b>0,9</b>   |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>2.907</b> | <b>2.999</b> | <b>92</b>           | <b>3,2</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |  |
| <b>Total</b>                            | <b>2.907</b> | <b>2.999</b> | <b>92</b>           | <b>3,2</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |  |

(Miles de Euros)

## INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

O Instituto de Estudos do Territorio (IET) foi creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, como un organismo autónomo, adscrito á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, e que ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, entendéndose comprendida nela a ordenación, protección e xestión da paisaxe.

Segundo o disposto no artigo 10 da Lei 6/2007, modificado pola disposición derradeira segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, as funcións do IET son as seguintes:

- a) Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.
- b) Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, a fin de implementar as políticas da paisaxe na planificación urbanística e territorial.
- c) Prestar apoio á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
- d) A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural.
- e) O apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade.
- f) Delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.
- g) Formar, sensibilizar e concienciar á sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes.
- h) Avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.
- i) Promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, sobre todo mediante asistencia científica e técnica mutua, e intercambios de experiencias con fins de formación e información.
- j) O seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecementos de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.
- k) Fomentar o intercambio de información e experiencias, así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.
- l) Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia.

Os estatutos do IET foron aprobado polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, que foi modificado, no que se refire as súas funcións, polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

### Orzamento de ingresos. Instituto de Estudos do Territorio

| Distribución económica                  |              |              |                     |             |                |              |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|
| Capítulos                               | 2019         | 2020         | Variación 2020/2019 |             | Valor Relativo |              |
|                                         |              |              | Importe             | %           | 2019           | 2020         |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 3            | 3            | 0                   | -           | 0,1            | 0,1          |
| IV Transferencias correntes             | 2.218        | 2.310        | 93                  | 4,2         | 70,9           | 72,0         |
| V Ingresos patrimoniais                 | 0            | 0            | 0                   | 33,3        | -              | -            |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>2.220</b> | <b>2.313</b> | <b>93</b>           | <b>4,2</b>  | <b>71,0</b>    | <b>72,0</b>  |
| VII Transferencias de capital           | 909          | 897          | -12                 | -1,3        | 29,0           | 28,0         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>909</b>   | <b>897</b>   | <b>-12</b>          | <b>-1,3</b> | <b>29,0</b>    | <b>28,0</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>3.129</b> | <b>3.210</b> | <b>81</b>           | <b>2,6</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>3.129</b> | <b>3.210</b> | <b>81</b>           | <b>2,6</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Instituto de Estudos do Territorio

| Distribución económica                  |              |              |                     |             |                |              |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|
| Capítulos                               | 2019         | 2020         | Variación 2020/2019 |             | Valor Relativo |              |
|                                         |              |              | Importe             | %           | 2019           | 2020         |
| I Gastos de persoal                     | 2.100        | 2.184        | 84                  | 4,0         | 67,1           | 68,0         |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 82           | 91           | 9                   | 10,8        | 2,6            | 2,8          |
| IV Transferencias correntes             | 38           | 38           | 0                   | -           | 1,2            | 1,2          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>2.220</b> | <b>2.313</b> | <b>93</b>           | <b>4,2</b>  | <b>71,0</b>    | <b>72,0</b>  |
| VI Investimentos reais                  | 506          | 494          | -12                 | -2,3        | 16,2           | 15,4         |
| VII Transferencias de capital           | 403          | 403          | 0                   | -           | 12,9           | 12,6         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>909</b>   | <b>897</b>   | <b>-12</b>          | <b>-1,3</b> | <b>29,0</b>    | <b>28,0</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>3.129</b> | <b>3.210</b> | <b>81</b>           | <b>2,6</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>3.129</b> | <b>3.210</b> | <b>81</b>           | <b>2,6</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

## INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

O Instituto Galego de Estatística, é un organismo autónomo creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia. Figura adscrito á Consellería de Facenda. Entre as súas funcións están as seguintes:

- Dirixir e coordinar a actividade estatística no ámbito das competencias da Comunidade autónoma de Galicia.
- Coordinar a actividade estatística levada a cabo polas distintas administracións públicas de Galicia.
- Levar a cabo as estatísticas ou as fases delas que lle encomenden o plan galego de estatística e os seus correspondentes programas estatísticos, así como calquera outra que lle podan encargar ou que se estableza en virtude de convenios con outros organismos estatísticos.
- Colaborar en estatísticas de interese estatal ou supraestatal promovidas polos organismos competentes.
- Asegurar a difusión adecuada das estatísticas publicadas en Galicia, a través dos medios máis pertinentes, e expedir certificacións dos resultados estatísticos da súa competencia.
- Velar polo cumprimento das normas técnicas aprobadas e a aplicación das garantías necesarias para que sexan respectados o segredo estatístico e as outras condicións xurídicas a que se debe suxeitar a actividade estatística.

#### Orzamento de ingresos. Instituto Galego de Estatística

|                                         |                                 | Distribución económica |              |                     |             |                |              |
|-----------------------------------------|---------------------------------|------------------------|--------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|
|                                         |                                 |                        |              | Variación 2020/2019 |             | Valor Relativo |              |
| Capítulos                               |                                 | 2019                   | 2020         | Importe             | %           | 2019           | 2020         |
| III                                     | Taxas, prezos e outros ingresos | 1                      | 1            | 0                   | -           | -              | -            |
| IV                                      | Transferencias correntes        | 3.241                  | 3.365        | 123                 | 3,8         | 75,9           | 74,5         |
| V                                       | Ingresos patrimoniais           | 0                      | 0            | 0                   | -           | -              | -            |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             |                                 | <b>3.242</b>           | <b>3.365</b> | <b>123</b>          | <b>3,8</b>  | <b>75,9</b>    | <b>74,5</b>  |
| VII                                     | Transferencias de capital       | 1.030                  | 1.150        | 120                 | 11,7        | 24,1           | 25,5         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            |                                 | <b>1.030</b>           | <b>1.150</b> | <b>120</b>          | <b>11,7</b> | <b>24,1</b>    | <b>25,5</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> |                                 | <b>4.272</b>           | <b>4.515</b> | <b>243</b>          | <b>5,7</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            |                                 | <b>4.272</b>           | <b>4.515</b> | <b>243</b>          | <b>5,7</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Instituto Galego de Estatística

|                                         |                                     | Distribución económica |              |            |             | Variación 2020/2019 |              | Valor Relativo |  |
|-----------------------------------------|-------------------------------------|------------------------|--------------|------------|-------------|---------------------|--------------|----------------|--|
| Capítulos                               |                                     | 2019                   | 2020         | Importe    | %           | 2019                | 2020         |                |  |
| I                                       | Gastos de persoal                   | 2.905                  | 3.028        | 123        | 4,2         | 68,0                | 67,1         |                |  |
| II                                      | Gastos en bens correntes e servizos | 337                    | 337          | 0          | -           | 7,9                 | 7,5          |                |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             |                                     | <b>3.242</b>           | <b>3.365</b> | <b>123</b> | <b>3,8</b>  | <b>75,9</b>         | <b>74,5</b>  |                |  |
| VI                                      | Investimentos reais                 | 1.030                  | 1.150        | 120        | 11,7        | 24,1                | 25,5         |                |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            |                                     | <b>1.030</b>           | <b>1.150</b> | <b>120</b> | <b>11,7</b> | <b>24,1</b>         | <b>25,5</b>  |                |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> |                                     | <b>4.272</b>           | <b>4.515</b> | <b>243</b> | <b>5,7</b>  | <b>100,0</b>        | <b>100,0</b> |                |  |
| <b>Total</b>                            |                                     | <b>4.272</b>           | <b>4.515</b> | <b>243</b> | <b>5,7</b>  | <b>100,0</b>        | <b>100,0</b> |                |  |

(Miles de Euros)

## INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA

De acordo co establecido no artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, autorízase a creación do Instituto Galego de Consumo e da Competencia como organismo autónomo adscrito á Consellería competente en materia de consumo, que terá como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

Dentro deste organismo e como se establece no artigo 39 da citada Lei, configurarase a Comisión Galega da Competencia.

Tendo en conta a autorización citada, a través do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, procédese á creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia e á aprobación dos seus estatutos.

Este organismo autónomo asume os medios persoais e materiais así como as competencias que correspondían ao Instituto Galego de Consumo e ao Consello Galego da Competencia.

As competencias do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, son as seguintes:

1. Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles ós que poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.
2. Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de consumidores e usuarios e asesoralos tecnicamente.

3. Atender as consultas e reclamacións dos consumidores galegos para tentar resolvelas o través da mediación e a arbitrase de consumo.
4. Exercer a capacidade sancionadora e correctora do mercado.
5. Realizar as tarefas de control de mercado que inclúen a investigación de denuncias, campañas de inspección e actuacións de oficio.
6. As competencias relacionadas coa a rede de alerta de produtos industriais postos a disposición dos consumidores
7. Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha adecuada prognose da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se lle oferten as persoas consumidoras e usuarias.
8. Elaborar e difundir información para facilitarlle as persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis axeitados ás súas necesidades.
9. Impulsar a formación das persoas consumidoras e usuarias, propoñéndolles ós organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a dita formación sexa permanente.
10. Asesorar á Xunta de Galicia no desenvolvemento da normativa de todos os aspectos que afecten ou poidan afectar as persoas consumidoras e usuarias, promovendo a elaboración de normas para a súa defensa, achegándolle a información necesaria para este fin.
11. Cooperar coas administracións públicas, atendendo de xeito especial as oficinas municipais de información as persoas consumidoras e usuarias con aquelas outras entidades de semellante ámbito de competencias por supoñer o servizo máis próximo ó cidadán e coordinar as súas actuacións coas dos concellos.
12. Asesorar tecnicamente as oficinas de información, as persoas consumidoras e usuarias da Administración local e colaborar con elas.
13. Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración, propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do Instituto.
14. Exercer os demais fins que se lle encomenden, na súa función de protección das persoas consumidoras e usuarias.
15. Exercer as funcións de instrución e resolución dos expedientes vinculados coa competencia (artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007), de colaboración e coordinación con outras autoridades da competencia e cos órganos xurisdicionais en Galicia, de control de axudas públicas, de arbitrase, consultivas, de promoción da competencia e de asesoramento e representación.

### Orzamento de ingresos. Instituto Galego do Consumo e da Competencia

| Distribución económica                  |              |              |                     |             |                |              |  |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|--|
| Capítulos                               | 2019         | 2020         | Variación 2020/2019 |             | Valor Relativo |              |  |
|                                         |              |              | Importe             | %           | 2019           | 2020         |  |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 2.600        | 3.212        | 612                 | 23,5        | 40,5           | 48,1         |  |
| IV Transferencias correntes             | 3.167        | 2.801        | -366                | -11,5       | 49,3           | 42,0         |  |
| V Ingresos patrimoniais                 | 5            | 5            | 0                   | -           | 0,1            | 0,1          |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>5.772</b> | <b>6.018</b> | <b>246</b>          | <b>4,3</b>  | <b>89,8</b>    | <b>90,2</b>  |  |
| VII Transferencias de capital           | 654          | 653          | -1                  | -0,2        | 10,2           | 9,8          |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>654</b>   | <b>653</b>   | <b>-1</b>           | <b>-0,2</b> | <b>10,2</b>    | <b>9,8</b>   |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>6.426</b> | <b>6.671</b> | <b>245</b>          | <b>3,8</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |  |
| <b>Total</b>                            | <b>6.426</b> | <b>6.671</b> | <b>245</b>          | <b>3,8</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |  |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Instituto Galego do Consumo e da Competencia

| Distribución económica                  |              |              |                     |             |                |              |  |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|--|
| Capítulos                               | 2019         | 2020         | Variación 2020/2019 |             | Valor Relativo |              |  |
|                                         |              |              | Importe             | %           | 2019           | 2020         |  |
| I Gastos de persoal                     | 4.861        | 5.080        | 219                 | 4,5         | 75,6           | 76,1         |  |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 726          | 754          | 27                  | 3,8         | 11,3           | 11,3         |  |
| IV Transferencias correntes             | 185          | 185          | 0                   | -           | 2,9            | 2,8          |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>5.772</b> | <b>6.018</b> | <b>246</b>          | <b>4,3</b>  | <b>89,8</b>    | <b>90,2</b>  |  |
| VI Investimentos reais                  | 630          | 629          | -1                  | -0,2        | 9,8            | 9,4          |  |
| VII Transferencias de capital           | 24           | 24           | 0                   | -           | 0,4            | 0,4          |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>654</b>   | <b>653</b>   | <b>-1</b>           | <b>-0,2</b> | <b>10,2</b>    | <b>9,8</b>   |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>6.426</b> | <b>6.671</b> | <b>245</b>          | <b>3,8</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |  |
| <b>Total</b>                            | <b>6.426</b> | <b>6.671</b> | <b>245</b>          | <b>3,8</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |  |

(Miles de Euros)

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Foi creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, coa finalidade de xestionar os recursos sanitarios dependentes da comunidade autónoma e de levar a cabo a coordinación de todos os servizos dese carácter existentes dentro do seu ámbito territorial. É un organismo autónomo, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Está adscrito á Consellería de Sanidade e réxese polo establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia.

O Servizo Galego de Saúde terá como principal obxectivo obter resultados en saúde satisfactorios para os pacientes e para a poboación en xeral.

O ano 2020 será o derradeiro contemplado na Estratexia Sergas 2020, a folia de ruta dos últimos catro anos que marcou as liñas estratéxicas do Servizo Galego de Saúde, consolidando

o proceso de transformación e modernización do actual sistema sanitario galego. Para a consecución do seu único obxectivo (mellorar a saúde da cidadanía galega) precisáronse os seguintes 4 eixes estratéxicos:

1. Atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e cuidadores. Mellorar a proximidade dos servizos e prestacións sanitarias aos pacientes, a continuidade asistencial, a humanización dos servizos sanitarios e a confianza dos doentes.
2. Profesionais comprometidos e cuidados pola organización.
3. Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario.
4. Infraestruturas, equipamentos sanitarios e sistemas de información. Seguir poñendo todos os recursos e as ferramentas posibles das novas tecnoloxías da información e comunicación para seguir buscando vías de asistencia que aporten proximidade e accesibilidade ao paciente.

O Sergas seguirá apostando por un claro compromiso cos dereitos dos cidadás. Neste sentido tivo e ten especial relevancia a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias. Seguirá sendo unha prioridade, para incrementar o número de persoas beneficiarias dos dereitos recollidos nesta lei:

- Instrucións previas: dende a entrada en vigor (2015) ata xullo de 2019, 8.975 persoas beneficiáronse deste dereito.

- Libre elección (médico de familia, pediatra, profesional de enfermería, hospital ou complexo hospitalario): dende a entrada en vigor (2015) ata decembro de 2018, 398.917 persoas beneficiáronse deste dereito.

- Segunda opinión médica dende a entrada en vigor (2015) ata decembro de 2018, 1.424 persoas exerceron o dereito de segunda opinión médica e estimóuselle.

A garantía de tempos máximos de acceso á atención sanitaria no ámbito hospitalario dende a entrada en vigor (2018) ata o 30 de xuño de 2019, 65.883 persoas beneficiáronse deste dereito: 16.548 persoas en cirurxía, 24.829 en consultas e 24.506 en probas. Derivación de pacientes a outro centro do Sergas, tan so un 0,70% no caso da cirurxía. Ningún paciente foi derivado a un centro concertado.

Xunto coa consolidación e a garantía dunha actividade asistencial de calidade o Servizo Galego de Saúde aposta claramente pola integración de procesos e a continuidade asistencial en cada momento de transición do paciente en función da súa patoloxía e necesidades, buscando vías de asistencia que aporten proximidade e accesibilidade ao usuario a través dunha xestión eficiente; ao tempo refórzase a inversión en innovación tecnolóxica a través de novos equipamentos e de sistemas de información e comunicación que potencien o papel tanto do profesional como do propio paciente na súa relación asistencial. A xestión eficiente enmárcase



principalmente na acción de dispor de sistemas de información adaptados ás necesidades dos pacientes e profesionais, así como na ordenación e adquisición de medicamentos, produtos sanitarios ou centrais de compras.

Ao mesmo tempo seguimos apostando por incorporar aos pacientes de forma decidida no desenvolvemento e mellora do Servizo Galego de Saúde ao incorporar a súa voz e visión para convertelos realmente no centro do sistema. No ano 2019 tivo a súa implantación efectiva a orde que regula a composición e o réxime de funcionamento dos Consellos Asesores de Pacientes de Área previstos na modificación de Lei de Saúde de Galicia. Así consolídase o compromiso de maior participación social no ámbito sanitario promulgado e multiplícase por sete a participación dos pacientes no Sergas. Permitirán unha representación máis próxima e efectiva.

No ámbito dos profesionais é de destacar a estabilidade no emprego, continuar coa implantación das especialidades de enfermería, a protección da maternidade, retención do talento coa flexibilización da idade de xubilación e o concurso de traslados aberto e permanente.

A continua mellora e perfeccionamento da provisión de servizos sanitarios efectivos, eficientes e de calidade segue sendo a principal premisa para o ano 2020, xunto cos principios de equidade e accesibilidade, sen esquecer a sustentabilidade.

Os pacientes crónicos e pluripatolóxicos serán unha prioridade, pero tamén o serán as patoloxías oncolóxicas, as enfermidades raras e aquelas outras que polo seu especial impacto social ou asistencial deben contar cunha abordaxe individualizada. A súa detección precoz, o diagnóstico e tratamento continuarán sendo un importante reto para o Servizo Galego de Saúde. Os anciáns, embarazadas e nenos tamén serán os principais destinatarios das liñas de acción do Sergas, para os que se pretende seguir consolidando dereitos e a provisión duns servizos e prestacións sanitarias efectivas e de calidade coherente ás súas necesidades.

Para isto, o orzamento do Sergas alcanza neste exercicio 4.028,4 millóns de euros, incrementándose nun 3,1% en comparación co do ano anterior.

A maior parte dos seus ingresos, un 94,8%, está formado polas transferencias, correntes e de capital, que recibe dende a Consellería de Sanidade.

O Servizo Galego de Saúde conta ademais cunha importante contía de ingresos propios e doutras transferencias, por importe total de 209,3 millóns de euros.

No capítulo III recóllense as taxas, prezos e outros ingresos, que alcanzan neste exercicio 63,8 millóns de euros.

Ademais, conta coa transferencia do Estado pola achega sanitaria para dar cobertura ás asignacións para o mantemento dos seus centros sanitarios de carácter non psiquiátrico, por importe de 95,4 millóns de euros. Comprende unha estimación da participación nos ingresos de 2020, a devolución das liquidacións negativas de 2008 e 2009 autorizada en 240 mensualidades, fronte

as 120 autorizadas anteriormente, segundo o establecido polo Real Decreto-Lei 12/2014, do 12 de setembro, así como a previsión da liquidación a recibir no exercicio 2020, correspondente ao 2018.

Formando parte tamén das transferencias correntes figura a recibida do Instituto Nacional da Seguridade Social para o control da Incapacidade Temporal así como o Fondo de Cohesión Sanitaria e o Fondo de Garantía Asistencial.

Dentro dos fondos europeos, inclúese o FEDER. Código 100, con 4,4 millóns de euros. Este programa desenvólvese a través de tres liñas de actuación.

A primeira busca promover unha maior participación do usuario do sistema sanitario no proceso terapéutico e un maior empoderamento dos enfermos. Pretende desenvolver ferramentas capaces de personalizarse de forma automatizada e intelixente, adaptando a información e servizos ofrecidos ás necesidades, intereses e preferencias particulares do usuario en materia de saúde e estilo de vida.

A segunda das liñas ten como meta avanzar na persoalización das terapias e tecnoloxías de diagnóstico para unha asistencia sanitaria máis eficaz e eficiente, fomentando a incorporación ao sistema público de saúde de novas terapias e tecnoloxías que se encontren en fases finais de desenvolvemento, como biomarcadores avanzados para diagnóstico e pronóstico de enfermidades, dispositivos médicos ou desenvolvementos TIC.

A última das liñas de actuación consiste en dinamizar o coñecemento sanitario co obxectivo de obter un maior impacto en tódalas liñas de actuación.

### Orzamento de ingresos. Servizo Galego de Saúde

| Distribución económica                  |                  |                  |                     |             |                |              |
|-----------------------------------------|------------------|------------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|
| Capítulos                               | 2019             | 2020             | Variación 2020/2019 |             | Valor Relativo |              |
|                                         |                  |                  | Importe             | %           | 2019           | 2020         |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 57.392           | 63.757           | 6.365               | 11,1        | 1,5            | 1,6          |
| IV Transferencias correntes             | 3.709.815        | 3.808.654        | 98.839              | 2,7         | 94,9           | 94,5         |
| V Ingresos patrimoniais                 | 100              | 100              | 0                   | -           | -              | -            |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>3.767.306</b> | <b>3.872.511</b> | <b>105.205</b>      | <b>2,8</b>  | <b>96,4</b>    | <b>96,1</b>  |
| VII Transferencias de capital           | 140.744          | 155.210          | 14.466              | 10,3        | 3,6            | 3,9          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>140.744</b>   | <b>155.210</b>   | <b>14.466</b>       | <b>10,3</b> | <b>3,6</b>     | <b>3,9</b>   |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>3.908.050</b> | <b>4.027.722</b> | <b>119.671</b>      | <b>3,1</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| VIII Activos financeiros                | 650              | 650              | 0                   | -           | -              | -            |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     | <b>650</b>       | <b>650</b>       | <b>0</b>            | <b>-</b>    | <b>-</b>       | <b>-</b>     |
| <b>Total</b>                            | <b>3.908.700</b> | <b>4.028.372</b> | <b>119.671</b>      | <b>3,1</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Servizo Galego de Saúde

|                                         |                                     | Distribución económica |                  |                     |             |                |              |
|-----------------------------------------|-------------------------------------|------------------------|------------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|
|                                         |                                     |                        |                  | Variación 2020/2019 |             | Valor Relativo |              |
| Capítulos                               |                                     | 2019                   | 2020             | Importe             | %           | 2019           | 2020         |
| I                                       | Gastos de persoal                   | 1.695.796              | 1.755.158        | 59.362              | 3,5         | 43,4           | 43,6         |
| II                                      | Gastos en bens correntes e servizos | 1.205.810              | 1.236.277        | 30.467              | 2,5         | 30,8           | 30,7         |
| III                                     | Gastos financeiros                  | 0                      | 0                | 0                   | -           | -              | -            |
| IV                                      | Transferencias correntes            | 834.210                | 849.159          | 14.949              | 1,8         | 21,3           | 21,1         |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             |                                     | <b>3.735.816</b>       | <b>3.840.594</b> | <b>104.778</b>      | <b>2,8</b>  | <b>95,6</b>    | <b>95,3</b>  |
| V                                       | Fondo de continxencia               | 31.917                 | 31.917           | 0                   | -           | 0,8            | 0,8          |
| VI                                      | Investimentos reais                 | 137.622                | 152.540          | 14.918              | 10,8        | 3,5            | 3,8          |
| VII                                     | Transferencias de capital           | 2.695                  | 2.670            | -25                 | -0,9        | 0,1            | 0,1          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            |                                     | <b>140.317</b>         | <b>155.210</b>   | <b>14.893</b>       | <b>10,6</b> | <b>3,6</b>     | <b>3,9</b>   |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> |                                     | <b>3.908.050</b>       | <b>4.027.722</b> | <b>119.671</b>      | <b>3,1</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| VIII                                    | Activos financeiros                 | 650                    | 650              | 0                   | -           | -              | -            |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     |                                     | <b>650</b>             | <b>650</b>       | <b>0</b>            | <b>-</b>    | <b>-</b>       | <b>-</b>     |
| <b>Total</b>                            |                                     | <b>3.908.700</b>       | <b>4.028.372</b> | <b>119.671</b>      | <b>3,1</b>  | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

## INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, é un organismo autónomo dos previstos nos artigos 68 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia que se configura como un órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais, goza de personalidade xurídica de seu, autonomía funcional e plena capacidade de obrar.

O Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, adscribeo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O obxecto do ISSGA é a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da comunidade autónoma para a mellora das condicións de traballo, co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo, sen prexuízo das competencias da Secretaría Xeral de Emprego neste ámbito e das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia.

A súa actuación está vinculada á Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020, resultante do proceso de Diálogo Social en Galicia, e, anualmente, ao Plan de Actividades, froito do consenso da Administración, os sindicatos máis representativos no ámbito autonómico e a Confederación de Empresarios de Galicia.

### Orzamento de ingresos. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

| Distribución económica                  |              |              |                     |            |                |              |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|---------------------|------------|----------------|--------------|
| Capítulos                               | 2019         | 2020         | Variación 2020/2019 |            | Valor Relativo |              |
|                                         |              |              | Importe             | %          | 2019           | 2020         |
| IV Transferencias correntes             | 5.988        | 6.091        | 103                 | 1,7        | 93,2           | 93,2         |
| V Ingresos patrimoniais                 | 0            | 0            | 0                   | 6,7        | -              | -            |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>5.988</b> | <b>6.092</b> | <b>103</b>          | <b>1,7</b> | <b>93,3</b>    | <b>93,2</b>  |
| VII Transferencias de capital           | 433          | 442          | 9                   | 2,0        | 6,7            | 6,8          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>433</b>   | <b>442</b>   | <b>9</b>            | <b>2,0</b> | <b>6,7</b>     | <b>6,8</b>   |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>6.421</b> | <b>6.533</b> | <b>112</b>          | <b>1,7</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>6.421</b> | <b>6.533</b> | <b>112</b>          | <b>1,7</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

| Distribución económica                  |              |              |                     |            |                |              |
|-----------------------------------------|--------------|--------------|---------------------|------------|----------------|--------------|
| Capítulos                               | 2019         | 2020         | Variación 2020/2019 |            | Valor Relativo |              |
|                                         |              |              | Importe             | %          | 2019           | 2020         |
| I Gastos de persoal                     | 5.316        | 5.420        | 103                 | 1,9        | 82,8           | 83,0         |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 672          | 672          | 0                   | -          | 10,5           | 10,3         |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>5.988</b> | <b>6.092</b> | <b>103</b>          | <b>1,7</b> | <b>93,3</b>    | <b>93,2</b>  |
| VI Investimentos reais                  | 433          | 442          | 9                   | 2,0        | 6,7            | 6,8          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>433</b>   | <b>442</b>   | <b>9</b>            | <b>2,0</b> | <b>6,7</b>     | <b>6,8</b>   |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>6.421</b> | <b>6.533</b> | <b>112</b>          | <b>1,7</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>6.421</b> | <b>6.533</b> | <b>112</b>          | <b>1,7</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

## INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO

Organismo autónomo creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, ao que lle corresponde a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia. O IGVS adscríbese á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, segundo o Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo exerce as competencias e funcións que a continuación se indican:

1. En xeral correspóndenlle as competencias e funcións en materia de política de vivenda, favorecendo o acceso dos cidadáns ao dereito, constitucionalmente garantido, dunha vivenda digna e adecuada.
2. O fomento das actuacións de rehabilitación do patrimonio e arquitectónico en materia de vivenda tanto rural como urbana.
3. A creación de solo residencial e de equipamentos acorde coas necesidades de asentamento da poboación.
4. Complementariamente correspóndelle ao IGVS, a través dos seus órganos, dentro do marco da normativa de ordenación do territorio e a urbanística, o establecemento da política de solos de carácter produtivo, tales como o industrial, o comercial ou tecnolóxico e, en xeral, os que incidan na mellora da habitabilidade do territorio da comunidade autónoma, baseando aquela no principio de sustentabilidade, en colaboración coa política de solos sectoriais específicos desenvolva por outros departamentos ou administracións en Galicia.
5. A tramitación de plans e proxectos sectoriais abeirados no acordo do Consello da Xunta de 26 de maio de 2006 e de 6 de setembro de 2007, e na disposición adicional 2ª da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

#### Orzamento de ingresos. Instituto Galego da Vivenda e Solo

| Distribución económica                  |               |               |                     |              |                |              |  |
|-----------------------------------------|---------------|---------------|---------------------|--------------|----------------|--------------|--|
| Capítulos                               | 2019          | 2020          | Variación 2020/2019 |              | Valor Relativo |              |  |
|                                         |               |               | Importe             | %            | 2019           | 2020         |  |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 816           | 995           | 179                 | 22,0         | 0,9            | 1,2          |  |
| IV Transferencias correntes             | 19.148        | 20.500        | 1.351               | 7,1          | 20,0           | 24,4         |  |
| V Ingresos patrimoniais                 | 3.990         | 4.050         | 60                  | 1,5          | 4,2            | 4,8          |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>23.954</b> | <b>25.545</b> | <b>1.591</b>        | <b>6,6</b>   | <b>25,0</b>    | <b>30,4</b>  |  |
| VI Alleamento de investimentos reais    | 7.250         | 6.650         | -600                | -8,3         | 7,6            | 7,9          |  |
| VII Transferencias de capital           | 64.494        | 51.719        | -12.775             | -19,8        | 67,4           | 61,6         |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>71.744</b> | <b>58.369</b> | <b>-13.375</b>      | <b>-18,6</b> | <b>75,0</b>    | <b>69,5</b>  |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>95.698</b> | <b>83.914</b> | <b>-11.785</b>      | <b>-12,3</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |  |
| VIII Activos financeiros                | 5             | 40            | 35                  | 700,0        | -              | -            |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     | <b>5</b>      | <b>40</b>     | <b>35</b>           | <b>700,0</b> | <b>-</b>       | <b>-</b>     |  |
| <b>Total</b>                            | <b>95.703</b> | <b>83.954</b> | <b>-11.750</b>      | <b>-12,3</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |  |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Instituto Galego da Vivenda e Solo

|           |                                         | Distribución económica |               |                     |              | Valor Relativo |              |
|-----------|-----------------------------------------|------------------------|---------------|---------------------|--------------|----------------|--------------|
| Capítulos |                                         | 2019                   | 2020          | Variación 2020/2019 |              | 2019           | 2020         |
|           |                                         |                        |               | Importe             | %            |                |              |
| I         | Gastos de persoal                       | 8.874                  | 9.296         | 421                 | 4,7          | 9,3            | 11,1         |
| II        | Gastos en bens correntes e servizos     | 4.448                  | 4.348         | -100                | -2,2         | 4,6            | 5,2          |
| IV        | Transferencias correntes                | 10.631                 | 11.901        | 1.269               | 11,9         | 11,1           | 14,2         |
|           | <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>23.954</b>          | <b>25.545</b> | <b>1.591</b>        | <b>6,6</b>   | <b>25,0</b>    | <b>30,4</b>  |
| VI        | Investimentos reais                     | 31.608                 | 32.315        | 707                 | 2,2          | 33,0           | 38,5         |
| VII       | Transferencias de capital               | 27.123                 | 25.553        | -1.570              | -5,8         | 28,3           | 30,4         |
|           | <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>58.731</b>          | <b>57.869</b> | <b>-863</b>         | <b>-1,5</b>  | <b>61,4</b>    | <b>68,9</b>  |
|           | <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>82.686</b>          | <b>83.414</b> | <b>728</b>          | <b>0,9</b>   | <b>86,4</b>    | <b>99,4</b>  |
| VIII      | Activos financeiros                     | 13.018                 | 540           | -12.478             | -95,9        | 13,6           | 0,6          |
|           | <b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>     | <b>13.018</b>          | <b>540</b>    | <b>-12.478</b>      | <b>-95,9</b> | <b>13,6</b>    | <b>0,6</b>   |
|           | <b>Total</b>                            | <b>95.703</b>          | <b>83.954</b> | <b>-11.750</b>      | <b>-12,3</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

## FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Regulado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, e coa denominación actual segundo a Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e réxime administrativo, e polo Decreto 7/2014, do 16 de xaneiro, polo que se aproban os seus estatutos, é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Atópase adscrito á Consellería do Medio Rural e ten por obxecto executar as políticas desta consellería, no referente á aplicación das medidas de ordenación, fomento, reestruturación e mellora do sector lácteo e gandeiro, levando a cabo a execución das accións necesarias para a aplicación na Comunidade Autónoma da Política Agraria Común (PAC) e para o funcionamento das distintas organizacións de mercados e a mellora das estruturas agropecuarias; apoiar e promover a mellora e modernización do sector lácteo gandeiro nas diferentes áreas de actuación; promover a participación do sector nas labores de planificación, xestión e financiación dos programas de mellora e desenvolvemento daquel.

Este organismo ten como obxectivos para o exercicio 2020 a xestión eficaz no pagamento dos fondos europeos agrícolas en Galicia, procurar unha mellora das rendas das persoas agricultoras galegas, así como contribuír á dinamización das zonas rurais desenvolvendo as seguintes actuacións prioritarias:

- I. Desenvolver as funcións inherentes á súa condición de organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia (Fondo Europeo Agrícola de Garantía e Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural), autorizando, xestionando o pago e contabilizando os importes

- das axudas con cargo aos citados fondos, e exercendo as demais funcións de coordinación, comunicación, auditoras, e outras conexas que lle corresponden como organismo pagador.
2. O desenvolvemento da xestión das axudas da PAC en Galicia, tendo en conta o marco normativo da PAC 2014-2020 e as prioridades desta, nomeadamente a ecoloxización en curso da dita política.
  3. A xestión íntegra das axudas a zonas con limitacións naturais, así como as axudas de agroambiente e clima e agricultura ecolóxica prevista no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 e cofinanciadas con cargo ao Feader.
  4. O pagamento e contabilización das actuacións incluídas no Programa de Desenvolvemento Rural, financiadas polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader), e cuxa fase de autorización e control non se xestiona directamente polo Fogga, e para as que a xestión corresponde a outros órganos da Consellería do Medio Rural e outros centros directivos da Xunta de Galicia.
  5. O pagamento e contabilización, en tanto que organismo pagador, das medidas relativas á apicultura, reestruturación do viñado, promoción en terceiros países, organizacións de produtores e medidas de inversión financiadas polo FEAGA.
  6. Efectuar as operacións en réxime de intervención e regulación de mercados por conta do FEAGA, entradas, saídas e almacenamento das mercadorías, de acordo coas instrucións ditas segundo a xestión encomendada polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).
  7. Realizar accións destinadas a mellorar as producións gandeiras e fortalecer con iso a puxanza do sector lácteo galego e cárnico no contexto nacional e europeo, tales como apoiar ás sociedades públicas participadas polo FOGGA que operan no sector agropecuario.

### Orzamento de ingresos. Fondo Galego de Garantía Agraria

| Distribución económica                  |               |               |                     |             |                |              |
|-----------------------------------------|---------------|---------------|---------------------|-------------|----------------|--------------|
| Capítulos                               | 2019          | 2020          | Variación 2020/2019 |             | Valor Relativo |              |
|                                         |               |               | Importe             | %           | 2019           | 2020         |
| III Taxas, prezos e outros ingresos     | 0             | 0             | 0                   | -           | -              | -            |
| IV Transferencias correntes             | 4.903         | 5.028         | 124                 | 2,5         | 10,8           | 12,0         |
| V Ingresos patrimoniais                 | 2             | 2             | 0                   | -           | -              | -            |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>4.906</b>  | <b>5.030</b>  | <b>124</b>          | <b>2,5</b>  | <b>10,8</b>    | <b>12,0</b>  |
| VII Transferencias de capital           | 40.449        | 36.843        | -3.606              | -8,9        | 89,2           | 88,0         |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>40.449</b> | <b>36.843</b> | <b>-3.606</b>       | <b>-8,9</b> | <b>89,2</b>    | <b>88,0</b>  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>45.354</b> | <b>41.873</b> | <b>-3.482</b>       | <b>-7,7</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>45.354</b> | <b>41.873</b> | <b>-3.482</b>       | <b>-7,7</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

**Orzamento de gastos. Fondo Galego de Garantía Agraria**

| Distribución económica                  |               |                     |               |             |              |                |  |
|-----------------------------------------|---------------|---------------------|---------------|-------------|--------------|----------------|--|
|                                         |               | Variación 2020/2019 |               |             |              | Valor Relativo |  |
| Capítulos                               | 2019          | 2020                | Importe       | %           | 2019         | 2020           |  |
| I Gastos de persoal                     | 4.387         | 4.611               | 224           | 5,1         | 9,7          | 11,0           |  |
| II Gastos en bens correntes e servizos  | 515           | 415                 | -100          | -19,4       | 1,1          | 1,0            |  |
| III Gastos financeiros                  | 3             | 3                   | 0             | -           | -            | -              |  |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>4.906</b>  | <b>5.030</b>        | <b>124</b>    | <b>2,5</b>  | <b>10,8</b>  | <b>12,0</b>    |  |
| VI Investimentos reais                  | 1.798         | 1.813               | 15            | 0,8         | 4,0          | 4,3            |  |
| VII Transferencias de capital           | 38.651        | 35.030              | -3.621        | -9,4        | 85,2         | 83,7           |  |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>40.449</b> | <b>36.843</b>       | <b>-3.606</b> | <b>-8,9</b> | <b>89,2</b>  | <b>88,0</b>    |  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>45.354</b> | <b>41.873</b>       | <b>-3.482</b> | <b>-7,7</b> | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |
| <b>Total</b>                            | <b>45.354</b> | <b>41.873</b>       | <b>-3.482</b> | <b>-7,7</b> | <b>100,0</b> | <b>100,0</b>   |  |

(Miles de Euros)



### III.2. ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

Segundo a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento consideraranse como organismos autónomos a efectos orzamentarios.

#### Orzamento das Entidades Públicas Instrumentais de Consulta ou Asesoramento

|                                        | Ingresos |          |          |              |          |          |           |           |          |              |
|----------------------------------------|----------|----------|----------|--------------|----------|----------|-----------|-----------|----------|--------------|
|                                        | Cap. I   | Cap. II  | Cap. III | Cap. IV      | Cap. V   | Cap. VI  | Cap. VII  | Cap. VIII | Cap. IX  | Total        |
| Consello Económico e Social de Galicia | 0        | 0        | 0        | 963          | 0        | 0        | 30        | 0         | 0        | 993          |
| Consello Galego de Relacións Laborais  | 0        | 0        | 0        | 1.175        | 0        | 0        | 19        | 0         | 0        | 1.193        |
| <b>Total</b>                           | <b>0</b> | <b>0</b> | <b>0</b> | <b>2.138</b> | <b>0</b> | <b>0</b> | <b>49</b> | <b>0</b>  | <b>0</b> | <b>2.186</b> |

(Miles de Euros)

Dentro destas entidades figura o Consello Económico e Social de Galicia e o Consello Galego de Relacións Laborais.

#### Financiamento das Entidades Públicas Instrumentais de Consulta ou Asesoramento

|                                        | Orixe dos Fondos |             |                        |              |          |             |              |               |
|----------------------------------------|------------------|-------------|------------------------|--------------|----------|-------------|--------------|---------------|
|                                        | Recursos Propios |             | Da Comunidade Autónoma |              | Outras   |             | Total        |               |
|                                        | Importe          | %           | Importe                | %            | Importe  | %           | Importe      | %             |
| Consello Económico e Social de Galicia | 0                | 0,00        | 993                    | 100,00       | 0        | 0,00        | 993          | 45,42         |
| Consello Galego de Relacións Laborais  | 0                | 0,01        | 1.193                  | 99,99        | 0        | 0,00        | 1.193        | 54,58         |
| <b>Total</b>                           | <b>0</b>         | <b>0,01</b> | <b>2.186</b>           | <b>99,99</b> | <b>0</b> | <b>0,00</b> | <b>2.186</b> | <b>100,00</b> |

(Miles de Euros)

O seu financiamento está formado casi exclusivamente polas transferencias correntes e de capital que reciben dos orzamentos da administración xeral.

### Orzamento Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento

|                                        | Gastos       |            |            |           |              |
|----------------------------------------|--------------|------------|------------|-----------|--------------|
|                                        | I            | II         | IV         | VI        | Total        |
| Consello Económico e Social de Galicia | 656          | 155        | 152        | 30        | 993          |
| Consello Galego de Relacións Laborais  | 696          | 437        | 42         | 19        | 1.193        |
| <b>Total</b>                           | <b>1.352</b> | <b>592</b> | <b>194</b> | <b>49</b> | <b>2.186</b> |

(Miles de Euros)

### CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, é un órgano consultivo da Administración autonómica en materia económica e social, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución Española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, co obxecto de facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia.

### Orzamento de ingresos. Consello Económico e Social de Galicia

| Capítulos                               | 2019       | 2020       | Variación 2020/2019 |            | Valor Relativo |              |
|-----------------------------------------|------------|------------|---------------------|------------|----------------|--------------|
|                                         |            |            | Importe             | %          | 2019           | 2020         |
| IV Transferencias correntes             | 922        | 963        | 41                  | 4,4        | 96,8           | 97,0         |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>922</b> | <b>963</b> | <b>41</b>           | <b>4,4</b> | <b>96,8</b>    | <b>97,0</b>  |
| VII Transferencias de capital           | 30         | 30         | 0                   | -          | 3,2            | 3,0          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>30</b>  | <b>30</b>  | <b>0</b>            | <b>-</b>   | <b>3,2</b>     | <b>3,0</b>   |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>952</b> | <b>993</b> | <b>41</b>           | <b>4,3</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>952</b> | <b>993</b> | <b>41</b>           | <b>4,3</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

### Orzamento de gastos. Consello Económico e Social de Galicia

|           |                                         | Distribución económica |            |                     |            |                |              |
|-----------|-----------------------------------------|------------------------|------------|---------------------|------------|----------------|--------------|
|           |                                         |                        |            | Variación 2020/2019 |            | Valor Relativo |              |
| Capítulos |                                         | 2019                   | 2020       | Importe             | %          | 2019           | 2020         |
| I         | Gastos de persoal                       | 641                    | 656        | 15                  | 2,3        | 67,3           | 66,0         |
| II        | Gastos en bens correntes e servizos     | 131                    | 155        | 24                  | 18,6       | 13,8           | 15,7         |
| IV        | Transferencias correntes                | 150                    | 152        | 2                   | 1,0        | 15,8           | 15,3         |
|           | <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>922</b>             | <b>963</b> | <b>41</b>           | <b>4,4</b> | <b>96,8</b>    | <b>97,0</b>  |
| VI        | Investimentos reais                     | 30                     | 30         | 0                   | -          | 3,2            | 3,0          |
|           | <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>30</b>              | <b>30</b>  | <b>0</b>            | <b>-</b>   | <b>3,2</b>     | <b>3,0</b>   |
|           | <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>952</b>             | <b>993</b> | <b>41</b>           | <b>4,3</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
|           | <b>Total</b>                            | <b>952</b>             | <b>993</b> | <b>41</b>           | <b>4,3</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

## CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Regúlase pola Lei 5/2008, do 23 de maio, que o configura como ente de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais e como órgano consultivo e asesor da comunidade autónoma nas materias relativas a súa política laboral.

Desde o 1 de xaneiro de 2011, data da entrada en vigor da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Consello pasa a ser unha entidade pública instrumental de consulta ou asesoramento, axustándose a súa regulación á súa normativa específica e ás prescricións da referida lei relativas aos organismos autónomos, segundo a disposición adicional sexta da antedita lei.

O Decreto 177/2016, do 15 de decembro, adscríbeo a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O Consello é un lugar permanente para o diálogo entre os interlocutores sociais galegos, cara a consecución de acordos que permitan avanzar na solución dos problemas das relacións laborais.

As competencias do Consello veñen relacionadas no artigo 3 da Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello.

Así mesmo, o Consello desenvolve un importante labor de estudo sobre temas variados da nosa realidade social e propicia o debate sobre os aspectos desa realidade que resulten de maior interese en cada momento, mediante a organización de cursos, xornadas e foros semellantes.

Por outra banda, promove a implantación de cláusulas de igualdade entre homes e mulleres nos convenios colectivos e fomenta a elaboración de plans de igualdade a través da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva. Esta

comisión, adscrita organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais, é un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega.

O Consello é a sede doutro órgano colexiado: a Comisión Tripartita Galega para a inaplicación de convenios colectivos, creada polo Decreto 101/2015, do 18 de xuño. É competente para coñecer das solicitudes presentadas polas empresas e representantes legais das persoas traballadoras para dar solución ás discrepancias xurdidas por falta de acordo sobre a inaplicación das condicións de traballo presentes no convenio colectivo de aplicación. A secretaria do Consello é a secretaria da dita Comisión.

Finalmente, creáronse novos órganos colexiados nos que se esixe a presenza do Consello Galego de Relacións Laborais:

O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de demografía no ámbito da Comunidade Galega, creado por Decreto 104/2016, do 28 de xullo, en cuxo artigo 6.4.b) figura, como vogal, unha persoa en representación do Consello Galego de Relacións Laborais.

O Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, órgano colexiado, consultivo e de participación social do colectivo LGTBI, que quere promover a igualdade real e efectiva deste colectivo, contribuír ao coñecemento da realidade da diversidade e identificar as “necesidades e barreiras que impiden o pleno desenvolvemento” dos seus dereitos. O proxecto de Decreto polo que se crea este Observatorio contempla, no seu artigo 10.1.b) que forme parte do mesmo, como vogal, unha persoa en representación do Consello Galego de Relacións Laborais.

#### Orzamento de ingresos. Consello Galego de Relacións Laborais

| Distribución económica                  |              |                     |           |            |                |              |
|-----------------------------------------|--------------|---------------------|-----------|------------|----------------|--------------|
|                                         |              | Variación 2020/2019 |           |            | Valor Relativo |              |
| Capítulos                               | 2019         | 2020                | Importe   | %          | 2019           | 2020         |
| IV Transferencias correntes             | 1.110        | 1.175               | 65        | 5,8        | 98,3           | 98,4         |
| V Ingresos patrimoniais                 | 0            | 0                   | 0         | -20,0      | -              | -            |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             | <b>1.110</b> | <b>1.175</b>        | <b>65</b> | <b>5,8</b> | <b>98,3</b>    | <b>98,4</b>  |
| VII Transferencias de capital           | 19           | 19                  | 0         | -          | 1,7            | 1,6          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            | <b>19</b>    | <b>19</b>           | <b>0</b>  | <b>-</b>   | <b>1,7</b>     | <b>1,6</b>   |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> | <b>1.129</b> | <b>1.193</b>        | <b>65</b> | <b>5,7</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            | <b>1.129</b> | <b>1.193</b>        | <b>65</b> | <b>5,7</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

**Orzamento de gastos. Consello Galego de Relacións Laborais**

|                                         |                                     | Distribución económica |              |                     |            |                |              |
|-----------------------------------------|-------------------------------------|------------------------|--------------|---------------------|------------|----------------|--------------|
|                                         |                                     |                        |              | Variación 2020/2019 |            | Valor Relativo |              |
| Capítulos                               |                                     | 2019                   | 2020         | Importe             | %          | 2019           | 2020         |
| I                                       | Gastos de persoal                   | 667                    | 696          | 29                  | 4,4        | 59,1           | 58,3         |
| II                                      | Gastos en bens correntes e servizos | 395                    | 437          | 42                  | 10,5       | 35,0           | 36,6         |
| IV                                      | Transferencias correntes            | 48                     | 42           | -6                  | -12,9      | 4,3            | 3,5          |
| <b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>             |                                     | <b>1.110</b>           | <b>1.175</b> | <b>65</b>           | <b>5,8</b> | <b>98,3</b>    | <b>98,4</b>  |
| VI                                      | Investimentos reais                 | 19                     | 19           | 0                   | -          | 1,7            | 1,6          |
| <b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>            |                                     | <b>19</b>              | <b>19</b>    | <b>0</b>            | <b>-</b>   | <b>1,7</b>     | <b>1,6</b>   |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b> |                                     | <b>1.129</b>           | <b>1.193</b> | <b>65</b>           | <b>5,7</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |
| <b>Total</b>                            |                                     | <b>1.129</b>           | <b>1.193</b> | <b>65</b>           | <b>5,7</b> | <b>100,0</b>   | <b>100,0</b> |

(Miles de Euros)

